



ROGO SOBRE A MELLORA DA RÚA DA CARAMONIÑA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reurbanización da rúa da Caramoniña, integrada na planificación de mellora de mobilidade e incorporación de zonas verdes na zona da Almáciga, formou parte do programa Urbana Norte e foi un proxecto iniciado en 2014 e rematado no verán de 2015.

As obras supuxeron unha mellora da conectividade entre a rúas Valle Inclán e a rúa de Teo, separadas por un pronunciado desnivel por onde discorre unha pasaxe peonil que ademais de conectar as dúas rúas permite acceder ás hortas municipais, ás instalacións do Centro Sociocultural e tamén ao parque de Bonaval, a través dun singular corredor.

A zona veuse definitivamente mellorada ao sumar estas obras ás realizadas con anterioridade para a urbanización da parte alta onde se levou a cabo a coidada construción do Centro Sociocultural e dunhas vivendas colectivas, que axudaron a potenciar o valor ambiental e paisaxístico do contorno.

Aínda que poidan restar aspectos que completen a actuación no tramo final da rúa, como a rehabilitación das construcións que abeiran o trazado, a mellora foi notable, aínda que nos últimos tempos non sexa tan apreciable debido ao descoido e ao abandono que se aprecia e que afecta singularmente á falta de mantemento, tanto na limpeza como na reposición dos chanzos que salvan o desnivel existente, cuestión que afecta á seguridade, mais tamén á estética, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan como anexo.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte **ROGO**:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para levar a cabo os necesarios labores de mantemento e reposición dos chanzos na costa da rúa da Caramoniña que conecta coa rúa de Teo e serve de acceso ás hortas municipais, ao Centro Sociocultural e ao parque de Bonaval.

Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

